

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de agosto de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día 30 de agosto de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(932).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 8 de agosto de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(933).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS:

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 352/2012 P.A. Demandante: M^a JESÚS GONZÁLEZ CASTRO. Obxecto: Resolución 5.12.2012 reclamación patrimonial danos en vehículo na r/ Pino "en obras" ("EIRIÑA SL") Exp- te.: 3507/243. Estimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 10/2013 P.A. Demandante: D. ROSA M^a DACOSTA ÁLVAREZ. Obxecto: Resolución do

16/10/2012 reclamación patrimonial danos en vivenda por filtracións de auga (obras na beirarrúa). Expte.: 3513/243. Desestimado o recurso.

c) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 130/2013 p.a. Demandante: D. M^a JOSÉ GONZÁLEZ GÓMEZ. Obxecto: Resolución do 21/02/2013 reclamación patrimonial caída en Samil o 20/03/2012. Expte.: 3691/243.Desestimado o recurso.

d) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 394/2012 p.a. Demandante: D. EMILIO PASARÓN SUÁREZ. Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia do 11/01/2013: E.P. con imputación á concesionaria). Expte.: 3448/243. Rematado o procedemento.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 94/2013 P.A. Demandante: D. Fernando Barreiro Varela e MAPFRE. Obxecto: Resolución do 14/02/2013 reclamación patrimonial e caída o 21/02/2012 na R. Coruña, paso de peóns, mancha de aceite. Expte.: 3654/243. Desestimado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 72/2013 P.A. Demandante: D. MANUEL GARCÍA CARBALLO E OUTRA PERSOA. Obxecto: Resolución do 17/04/2013 reclamación patrimonial filtración de auga Avda. das Camelias 77. Expte.: 3783/243. Desestimado o recurso.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 127/2013 p.a. Demandante: D. ANTÓN DANIEL BEIRAS CAL. Obxecto: Resolución de expediente sancionador de tráfico. Expte.: 138610344. Desestimado o recurso.

h) Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 98/2013 P.A. Demandante: "AVRO 540, S.L." Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia do 31/05/2013) reclamación patrimonial inundación no nº 28 da R. Ecuador o 26/10/2009. Expte.: 2934/243. Rematado o procedemento.

k) Sentenza no Recurso de apelación nº 4149/2013. Demandante: "ASOCIACIÓN VIGUESA POLA MEMORIA HISTÓRICA DO 36" contra Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo en relación con desestimación presunta da petición (retirada simboloxía franquista). Desestimada a apelación.

l) Auto do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 126/2013 P.A. Demandante: D. HÉCTOR MONTORO SOUTO. Obxecto: reclamación patrimonial danos en vehículo o 06/09/2008. Expte.: 2523/243. Rematado o procedemento.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 132/2013 P.A. Demandante: D. JAIME ESCRIBANO DÍAZ. Obxecto: Resolución do 01/03/2013. Reclamación patrimonial accidente de moto o 05/09/2010 (mancha de aceite). Expte.: 3402/243. Desestimado o recurso.

n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 120/2013 p.a. Demandante: D. EMILIO COSTAS FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do

13/02/2013. Reclamación patrimonial accidente de moto o 07/03/2011, R. Tomás Paredes, (registro de UNI2). Expte.: 3422/243. Desestimado o recurso.

o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 129/2010 P.O. Demandante: D. J. M. COSTAS LAGO E 3 PERSOAS MAIS. Obxecto: Resolución do 06/10/2010 reclamación patrimonial (molestias no nº 362 da Avda. de Santa Mariña, Cabral). Expte.: 6064/306 (7133/421 e 5848/1963 e 7211/422/90). Desestimado recurso.

p) Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo (reforzo) Despedimento nº 10/2013. Demandante: D^a NATALIA BARREIRO FIDALGO. Obxecto: Bolsas de prácticas nas oficinas de información de TURISMO. Estimada parcialmente.

q) Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 145/2013 P.A. Demandante: D^a EUFRASIA LUCAS ESCANDÓN. Obxecto: XGL 05/04/2013: desestimatoria. Expte.: Xubilación Parcial. 23712/220. Desestimento da demandante.

r) Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo (reforzo) Conflicto Colectivo nº 28/2013. Demandante: D. JUAN C. DOVIGO PRIETO E CXT. Obxecto: MSCT (retribucións, sistema de traballo e rendemento). Expte.: SERVIZO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR, contrato administrativo de servizos (expediente 59058/301). Adxudicado a CLECE, S.A. (XGL 13/07/2012). Estimada parcialmente a demanda.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(934).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS ANO 2013. EXPTE. 80212//301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.08.13, e de acordo co informe-proposta da instructora do expediente, do 5.08.13, conformado polo xefe e a concelleira da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 2310.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de 44.226 euros en concepto de subvencións a entidades e asociacións, de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2013, segundo o seguinte desglose:

NOME DA ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO	PUNTAJÓN	IMPORTE CONCEDIDO
A-VV- O CARBALLO – SARDOMA	G36649325	¿QUEN COIDA AO COIDADOR/A?	1.260,00	10	630
ACCION SOLIDARIA DE GALICIA – ASDEGAL	G27727593	ACOMPANAMENTO A MAIORES, DISCAPACITADOS E PERSOAS SEN FOGAR	1.380,00	10	630,00
ACCION SOLIDARIA DE GALICIA – ASDEGAL	G27727593	APOIO SOCIOEDUCATIVO PARA A INTEGRACION SOCIAL	910,00	15	945,00

AGRUPACION SOCIO-DEPORTIVA ALTER-NAVIA (ASDAN)	G27776459	VIVE DEPORTIVAMENTE	3.000,00	10	630,00
ALENTOS – ASOC. DE DANO CEREBRAL DE VIGO	G36873511	INFORMACION, ATENCION E ASESORAMENTO ESPECIFICO A FAMILIARES DE AFECTADOS DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	3.000,00	16	1.008,00
ANHIDA ASOC. DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y/O DEFICIT DE ATENCION	G36938272	TALLER DE VERANO DE ARTE Y MOVIMIENTO	1.983,61	14	882,00
APAMP – ASOC. DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	G36624120	TALLERES ALTERNATIVOS DE TAI-CHI, TEATRO E RISOTERAPIA	3.000,00	15	945,00
ASOC. ABRIENDO CAMINOS DESDE GALICIA	G27767300	PEQUENAS E PEQUENOS	2.300,00	12	756,00
ASOC. AUTISMO VIGO	G36849883	CONTINUIDADE DE APOIO SOCIAL PARA PERSOAS CON AUTISMO EN ACTIVIDADES DE EDUCACION VIAL E SOCIALIZACION	2.000,00	16	1.008,00
ASOC. CIUDADA DE LOITA CONTRA A DROGA ALBORADA	G36624963	PREVENCION DEL CONSUMO DE DROGAS EN LOS ESPACIOS DE OCIO NOCTURNO EN LA CIUDAD DE VIGO	3.000,00	17	1.071,00
ASOC. DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA	G36044295	FOMENTO DA PSICOMOTRICIDADE NAS PERSOAS CON ENFERMEDADE MENTAL	3.000,00	15	945,00
ASOC. DE MULLERES DORNA	G36619468	ALFABETIZACION, INFORMATICA E NAVEGACION EN INTERNET	1.260,00	11	693,00
ASOC. DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	G36622835	XERANDO REDES DE APOIO	2.000,00	16	1.008,00
ASOC. ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO - X.L. VIGO	G28197564	ATENCION PSICOSOCIAL DO ENFERMO ONCOLOXICO E OS SEUS FAMILIARES E PREVENCION	11.000,00	17	1.071,00
ASOC. MADRES EN DEFENSA DE LOS JOVENES DROGODEPENDIENTES	G36750651	AXENTES DE SAUDE E GRUPO DE AUTOAPOIO PARA DROGODEPENDENTES 2013	1.810,00	13	819,00
ASOC. PARKINSON VIGO	G36962447	TERAPIA OCUPACIONAL EN PACIENTES DE PARKINSON	3.000,00	14	882,00
ASOC. PRO DEREITOS DA INFANCIA ADIS-GALICIA	G36922045	COACHING PARA FAMILIAS	1.700,00	16	1.008,00
ASOC. SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA	G36744480	ATENCION A FAMILIAS EN ESTADO DE NECESIDAD	2.580,00	21	1.323,00
ASOC. STOP	G27729839	PREVENCION DO BOTELLON	3.000,00	13	819,00
ASOC. VECIÑAL DE TEIS	G36646545	FORMACION E ASISTENCIA SOCIAL AO COIDADOR DE DEPENDENTES	3.110,00	11	693,00
ASOC. VECIÑOS “AS FONTES” DE LAVADORES	G36684991	¿QUEN COIDA AO COIDADOR/A?	1.260,00	10	630,00
ASOC. VIGUESA DE ALCOHOLOXIA – ASVIDAL	G36627453	CONTRATAACION UNIDADE DE APOIO PROGRAMA CAPACITACION E INSERCIION SOCIOLABORAL	3.000,00	12	756,00
ASOC. XARUMA	G27746486	NATURALMENTE: PROXECTO DE RESPIROS FAMILIARES PARA PREVIIR A EXCLUSION DE PERSOAS CON ENERMIDADE MENTAL E FOMENTAR OS SEUS HABITOS PARA A SUA PARTICIPACION NA VIDA COMUNITARIA	2.000,00	14	882,00
AVCU CSCR DE BEADE	G36632081	“TEMOS UN TALLER”	1.120,00	10	630,00
AVDC MONTE DA MINA DE CASTRELOS	G36623593	¿QUEN COIDA AO COIDADOR/A?	1.260,00	10	630,00
AVEMPO	G36816106	XORNADAS FORMATIVAS PARA AFECTADOS DE ESCLEROSE MULTIPLE E O SEU ENTORNO	2.500,00	14	882,00
AZO, ASOC. GALEGA DE APOIO Ó DESENVOLVEMENTO DO INMIGRANTE E EMIGRANTE RETORNADO	G36987147	INTEGRÉMONOS II	1.720,00	11	693,00
CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. DE VALLADARES	G36617082	UN BANCO DO TEMPO CUNHA PATA NA 3ª IDADE	1.500,00	16	1.008,00
CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. DE VALLADARES	G36617082	FACILITANDO O ACCESO Á EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA	2.000,00	14	882,00
COGAMI PONTEVEDRA	G36704195	PSICOMOTRICIDADE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE FISICA DO CONCELLO DE VIGO	3.000,00	16	1.008,00
EMAUS FUNDACION SOCIAL	G20486825	PROGRAMA ITINERE. ACOMPAÑAMENTO SOCIAL ACTIVO	3.000,00	16	1.008,00
FADEMGGA FEAFES GALICIA	G36620037	SERVIZO DE EMPREGO E FORMACION DO CENTRO COLABORADOR DO SPEG DE FADEMGGA FEAFES GALICIA	2.000,00	13	819,00
FEAFES GALICIA	G15545353	OCIO, DEPORTE Y RESPIRO FAMILIAR PARA PERSOAS CON ENFERMEDAD MENTAL DE VIGO	3.000,00	12	756,00
FUNDACION IGUAL ARTE	G36427524	CLASES DE EXPRESION MUSICAL	3.000,00	12	756,00
FUNDACION IGUAL ARTE	G36427524	CLASES DE EXPRESION CORPORAL	3.000,00	12	756,00
FUNDACION JUAN SOÑADOR	G24452435	CENTRO DE ATENCION A INMIGRANTES TERANGA VIGO	3.000,00	16	1.008,00
FUNDACION JUAN SOÑADOR	G24452435	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO NA RUA	3.000,00	16	1.008,00

FUNDACION MENIÑOS	G15551120	GRUPOS MOTOR DE EMPREGO MENIÑOS INTEGRACION SOCIO-LABORAL DE FAMILIAS EN SITUACIÓN DE POBREZA E RISCO DE EXCLUSION SOCIAL A TRAVES DAS TIC	2.302,00	17	1.071,00
FUNDACION TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CO DISCAPACIDADE INTELECTUAL "SALVORA"	G36733046	INFORM. E ASESORAMENTO EN MATERIA DE TUTELA E PROTEC. DE PERSOAS CON DISCAP. INTELECT.	3.000,00	16	1.008,00
HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	R3600336F	OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICION DE HABITOS PSIQUICO-FISICO SAUDABLES	3.000,00	19	1.197,00
MEDICOS DO MUNDO	G79408852	EDUCACION PARA A SAUDE CON AXENTES DE SAUDE E AULA DE HABILIDADES SOCIAIS	3.583,88	15	945,00
NOVAS RUTAS	G36854867	PROYECTO SOCIO-EDUCATIVO "ALENDAR"	1.800,00	12	756,00
RADIO ECCA FUNDACION CANARIA	G35103431	CHAVE	3.000,00	20	1.260,00
REDE DE MULLERES VEICINAIS CONTRA OS MALOS TRATOS	G36928646	CO-RESPONSABILIZANDO-NOS	2.936,00	16	1.008,00
REMAR GALICIA	G36786986	"PROXECTO XOSE"		20	1.260,00
SOCIEDAD S. VICENTE DE PAUL	G28256667	ATENCION AS NECESIDADES MATERIAIS E ESPECIFICAS DA POBOACION	3.000,00	18	1.134,00
SPECIAL OLYMPICS GALICIA	G15771777	OS DESPRAZAMENTOS NOS XOGOS AUTONOMICOS DE FUTBOL SALA, VIGO 2013	3.000,00	13	819,00
FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	G36861078	ATENCION INTEGRAL PARA A INCLUSION SOCIAL DE PERSOAS EN SITUACION DE RUA	3.000,00	16	1.008,00
FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	G36797579	TALLERES SOCIOEDUCATIVOS PARA LA FORMACION DE LOS INMIGRANTES A TRAVES DEL VOLUNTARIADO	3.000,00	14	882,00

2º.- Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do programa, aprobadas en Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2013:

NOME DA ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ADICAE GALICIA – ASOC. DE USUARIOS DE BANCOS, CAIXAS E SEGUROS DE GALICIA	G15920184	PLAN DE VOLUNTARIADO PARA EL ACOMPAÑAMIENTO DE PERSONAS EN RIESGO DE EXCLUSION SOCIAL DEL SOBREENDEUDAMIENTO Y SU PREVENCIÓN	DESESTIMADA BASE 2ª. 2
AFIBROPO - ASOC. DE FIBROMIALGIA DE PONTEVEDRA	G36846822	MUSICOTERAPIA	DESESTIMADA BASE 2ª. 3
AGADHEMO – ASOC. GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	SERVIZO DE ATENCION E INFORMACION PERMANENTE SAIP	DESESTIMADA BASE 2ª. 11
AGRUPACION DEPORTIVA XOGARRA	G36655033	CACHIBOL DEPORTE DAS PERSOAS MAIORES	DESESTIMADA BASE 2ª. 2 e 4
ASEM GALICIA – ASOC. GALEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES	G36925691	INFORMACION, ORIENTACION E ASESORAMENTO NA AREA SOCIAL	DESESTIMADA BASE 2ª.8
ASOC. ARELA	G36846152	ORIENTACION E INSERCIÓN LABORAL PARA MOCIDADE EN RISCO DE EXCLUSION	IMPOSIBILIDADE DE CONTINUAR CO PROCESO. NON SE PRESENTOU PROXECTO
ASOC. ASPANAEX	G36605905	"SOMOS CAPACES, TENEMOS FUTURO"	DESESTIMADA BASE 2ª. 5.
ASOC. DA 3ª IDADE "NEVOX"	G36806222	SERVIZOS PALIATIVOS PARA SITUACIONS DE EMERXENCIA SOCIAL	IMPOSIBILIDADE DE CONTINUAR CO PROCESO. NON SE PRESENTOU PROXECTO
ASOC. DA 3ª IDADE "NEVOX"	G36806222	FAVORECER A AUTONIMIA PERSOAL "CURSO DE TAI-CHI" PARA MAIORES	DESESTIMADA BASE 2ª. 2 e 4
ASOC. DE BULIMIA Y ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	CAMPAÑA PREVENCIÓN EN CENTROS ESCOLARES	DESESTIMADA BASE 2ª.2.11
ASOC. DE DONANTES Y RECEPTORES DE ORGANOS DE VIGO. ADROVI	G27712272	SALVA VIDAS	IMPOSIBILIDADE DE CONTINUAR CO PROCESO. NON SE PRESENTOU PROXECTO
ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA -	G36776920	ATENCION PSICOLOXICA A FAMILIARES DE PERSOAS E AFECTADOS POR ALGUN TIPO DE DEMENCIA NEURODEX.	DESESTIMADA BASE 2ª.3

AFAGA			
ASOC. DIVERSIDADES	G27783950	BUN VENIT	DESESTIMADA BASE 2º.8
ASOC. GALEGA DE XOGADORES ANONIMOS	G36730059	DIA NACIONAL SEN XOGO DE AZAR	DESESTIMADA BASE 2º. 2 e 4
ASOC. GALLEGA AMIGOS DEL ROCIO DE VIGO	G36820637	TALLER: LA AUTOESTIMA Y EL SABER ESTAR COMO PIEDRAS DE LA AUTONOMIA PERSONAL: IMAGEN PERSONAL, PROTOCOLO Y BUENAS MANERAS	DESESTIMADA BASE 2º.4
ASOC. JUBILADOS Y PENSIONISTAS VILA GALICIA	G36745065	OBRADOIRO DE TEATRO PARA PERSOAS MAIORES	DESESTIMADA BASE 2º.4
ASOC. LAVADORES	G36633618	CICLO EDUCATIVO CONTRA A EXCLUSION	DESESTIMADA BASE 2º.4
ASOC. PARKINSON VIGO	G36962447	LOGOPEDIA PARA PACIENTES CON PARKINSON	DESESTIMADA BASE 2º. 2 e 4
ASOC. VECIÑAL EMILIO CRESPO DE NAVIA	G36648608	OBRADOIRO DE ENCAIXE DE PALILLOS	DESESTIMADA BASE 2º.4
ASOC. XUBILADOS E PENSIONISTAS "ALFONSO DANIEL CASTELAO"	G36755254	FESTA XX ANIVERSARIO	DESESTIMADA BASE 2º.4
ASOCIACION AREAS	G36768729	XORNADA SOLIDARIA	DESESTIMADA BASE 2º.2 e 4
AVCD SAMPAIO	G366048103	ECONOMIA DOMESTICA E ALIMENTACION – ALIMENTOS E COCIÑA SAUDABLE	DESESTIMADA BASE 2º.4
AVCU CSCR DE BEADE	G36632081	TRABALLANDO OS CINCO SENTIDOS	DESESTIMADA BASE 2º.3
AZO ASOC. GALEGA DE APOIO O DESENVOLVEMENTO DO INMIGRANTE E EMIGRANTE RETORNADO	G36987147	CAPACITACION E INTEGRACION LABORAL	DESESTIMADA BASE 2º.2
CASA DE ANDALUCIA	G36621290	AUTOESTIMA E OUTRAS FERRAMENTAS PARA FAMILIAS EN EPOCA DE CRISE	DESESTIMADA BASE 2º. 4.
CENTRO CULTURAL E RECREATIVO CABRAL	V36658680	OBRADOIROS DE ENCAIXE DE PALILLOS	DESESTIMADA BASE 2º.4
DOWN VIGO: ASOC. PARA SINDROME DE DOWN	G36697324	BOLSAS DE AXUDA PARA A PRESTACION DE SERVIZOS A USUARIOS/AS COA SINDROME DE DOWN E D.I.	DESESTIMADA NON CUMPRE CO OBXECTO DAS BASES
FEDERACION VECIÑAL "EDUARDO CHAO"	G36681708	COCIÑANDO VERBAS	DESESTIMADA BASE 2º.2
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES DE PRODUC. DE HIXENE PERSONAL E DE MATERIAL ESCOLAR PARA FAMILIAS EN SITUACION DE CARENCIA E/OU LIMITACION DE RECURSOS ECONOMICOS	DESESTIMADA BASE 2º.8
FUNDACION INTEGRA Para la Discapacidad Intelectual	G36880615	AUTONOMIA DOMESTICA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL	DESESTIMADA BASE 5º 1
FUNDACION MENELA	G36685964	ESCOLA DE VERAN MENELA PARA NENOS CON TRASTORNOS DE ESPECTRO DO AUTISMO	DESESTIMADA BASE 2º. 3
RESIDENCIA SANTA MARTA	R3600099J	TALLER DE ESTIMULACION COGNITIVA PARA LOS RESIDENTES DE SANTA MARTA	DESESTIMADA BASE 2º.3
SODIM	G36633022	SODIM – RIA DE VIGO 2013	DESESTIMADA BASE 2º.10
ASOC. CULTURAL RECREATIVA DEPORTIVA "PARDAVILA"	G36648996	POBRADOIRO DE TEATRO PARA PERSOAS MAIORES	PRESENTADA FORA DE PRAZO
AULAS 3ª IDADE DE VIGO	G15496607	MOVETE NAS AULAS	DESESTIMADA BASE 2º.3
ASOC. DIGNIDAD GALICIA	G15500853	EMERXENCIA SOCIAL	DESESTIMADA NON PRESENTAR NINGUNHA DOCUMENTACION
ASOC. GALEGA DE PERCUTAS OMAR	G36482347	INTEGRACION EUROPEA DO COLECTIVO AFRICANO	DESESTIMADA BASE 2º.2 e 4
FUNCIACION JOVENES Y DESARROLLO	G82641402	OS HUMANOS AO REVES: POÑELOS AO DEREITO	DESESTIMADA BASE 2º .2 e 4
FUNCIACION JOVENES Y DESARROLLO	G82641402	O SORISO DE AFRICA	DESESTIMADA BASE 2º.2 e 4

4(935).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 225.001,12 € A FAVOR DE CLECE S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR DURANTE O MES DE XUÑO DE 2013. EXPTE. 87603/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 9.08.13, conformado polo xefe e pola concelleira delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 225.001,12 euros, a favor de CLECE, S.A. (CIF: A-80364243), pola prestación dos servizos de axuda no fogar (SAD) durante o mes de xuño de 2013.

2º.- Imputar o gasto de 225.001,02 euros a partida orzamentaria 2310.2279901 "Prestación de servizos de axuda no fogar", minorando dito importe do RC 201300017924 de 1.691.666,76 euros.

5(936).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO ARRENDAMENTO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DO EQUIPAMENTO DE UNIFORMIDADE DE INTERVENCIÓN PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 893/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, do 21.08.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do arrendamento, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de Bombeiros (expediente 893-440)) no seguinte orde decrecente:

IURRI, S.A. con una puntuación de 81,17 puntos.

SAGRES, S.L., con una puntuación de 75,59 puntos.

EL CORTE INGLES, S.A., con una puntuación de 65,61 puntos.

Segundo.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Requirir ó citado licitador o aboamento de 1.426,57 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

6(937).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS DURANTE O MES DE XULLO. EXPTE. 282/330.

En cumprimento coas instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, no mes de xullo de 2013, que son os seguintes:

SERVIZO: Área de Cultura, Festas e Museos

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
251/330	03/07/13	GASTOS VARIOS DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'13".	33402260904	44819	15.000,00 €	RC XENÉRICA
261/330	05/07/13	CONTRATACIÓN DE 5 COMPAÑÍAS PARA ACTUACIÓNS DENTRO DA "SEMANA DE TEATRO FAMILIAR" INCLUÍDA NA PROGRAMACIÓN DE VIGO EN FESTAS.	33802260906	45749	9.510,50 €	Teatro Paraíso S.L., Marimba Marionetas S.L., Andrea Bayer Lloves, Amparo Mayor Vidal, Teatro Arbolé S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7(938).- PROPOSTA DE REVOGACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS LOCAIS A, B E D NO "VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS SAN FRANCISCO". EXPTE. 6252/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 21.08.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1º.- A Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2007, aprobou as bases de adxudicación do concurso para a autorización do uso e goce de espazos privativos no Viveiro de Asociacións "San Francisco".

O B.O.P.de Pontevedra, publicou a convocatoria o día 16 de outubro de 2007, establecendo un prazo de 15 días hábiles a partir do día seguinte a súa publicación, conforme establece a cláusula vixésimo terceira, prazo que rematou o 3 de novembro de 2007.

2º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de xaneiro de 2008, adoptou o entre outros o "PAZOS DE USO PRIVATIVO NO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS "SAN FRANCISCO, ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO E GOCE DE ESPAZOS". EXPTE. 3335/320, no que acordou:

a) "Autorizar ás seguintes asociacións a ocupación e uso privativo dos locais que se detallan no "Viviero de Asociacións 'San Francisco'" ata o 31 de decembro de 2017:

- 1.- Plan Comunitario Casco Vello, "Despacho A" con unha superficie útil de 28,60 m² e unha cuota de coparticipación anual de 548,00 €.
- 2.- Asociación pro-lactancia materna "Deleite", "Despacho D" con unha superficie útil de 25,98 m² e unha cuota de coparticipación anual de 407,78 €.
- 3.- Emaus Fundación Social, "Despacho B" con unha superficie útil de 19,52 m² e unha cuota de coparticipación anual de 374,00 €.
- 4.- Club San Roque Casablanca, "Despacho C" con unha superficie útil de 19,52 m² e unha cuota de coparticipación anual de 374,00 €."

3º.- Nas bases da convocatoria se establecían entre outras as seguintes cláusulas:

a) *Claúsula oitava: Obrigas das entidades autorizadas:*

As entidades autorizadas ao uso do "Viviero de asociacións San Francisco", comprometeranse a aceptar as presentes Bases.

A entidade beneficiaria destinará o local aos fins propios dos seus estatutos e en todo caso, aos fins de utilidade pública e de interese social, en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza da cidade e nunca en defensa de intereses comerciais ou profesionais.

Teñen a obriga de facer uso de forma continuada dos despachos cedidos.

Deben manter en bo estado de uso, conservación, funcionamento e decoro o inmovible e contribuirán economicamente cos gastos correntes que se establezan no seu momento, de conformidade co indicado na cláusula décimo sexta.

Manterán relacións de boa convivencia co resto das entidades usuarias.

As entidades beneficiarias estarán obrigadas a desocupar o ben obxecto da autorización na data de finalización do prazo polo que lle foi outorgada e noutro caso no prazo que se fixe na resolución que recaia no procedemento administrativo tramitado, como consecuencia da concorrencia das causas de resolución contempladas na cláusula décimo segunda das presentes bases e sen dereito a indemnización ningunha.

As entidades están obrigadas a comunicar á Concellería de Participación Cidadá calquera eventualidade que poida dificultar o bo funcionamento do servizo.

A indicar por escrito quen son as persoas autorizadas a dispoñer das chaves dos despachos cedidos.

Aboarán ao Concello os danos que pola súa causa se produzan no inmovible. Serán por conta das entidades todos os gastos de consumo de electricidade, auga, teléfono, limpeza, etc. e calquera outro que se produza no local que se lle asigne.

Atender as instrucións que se diten pola Concellería de Participación Cidadá para garantir o bo funcionamento do Viveiro de Asociacións en relación co mantemento e conservación do inmovible.

b) DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN.

A autorización da ocupación, uso e goce do espazo privativo asignado do “Viveiro de Asociacións” do Centro Cívico poderá declararse resoltas previa tramitación do correspondente expediente administrativo e audiencia do interesado no seguintes casos:

- Por incumprimento das normas e obrigacións establecidas para as entidades usuarias nas presentes bases e no Regulamento de Participación Cidadá.*
- No suposto de que as entidades dediquen o espazo asignado a fins alleos a ela.*
- Por incumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal en período voluntario, entre os que se inclúen os gastos derivados da utilización do local e os danos que se ocasionen ao inmovible no prazo que se lle outorgue para a súa subsanación.*
- Cando expresamente renuncie quen o veña gozando.*
- Cando a entidade non manteña o seu espazo coa limpeza e decoro necesario ou non coide debidamente da súa conservación e non respecte as normas de utilización dos espazos comúns.*
- Pola falta de utilización do espazo durante seis días no período dun mes (non coincidente co período de vacacións) de forma continuada, ou de forma descontinua durante quince días nun período de tres meses. Para os efectos a entidade está obrigada a dar constancia ao responsable do equipamento do uso do espazo correspondente.*
- O concello resérvase a facultade de suspensión temporal do uso polo prazo necesario ou extinción anticipada da autorización outorgada co aviso previo dun mes de antelación cando as necesidades de interese municipal prevalente así o esixan, sen que as mesmas xeren en ningún caso dereito a indemnización a prol das entidades usuarias.*

4º.- Emaus Fundación Social, con CIF nº G20486825, Con data 26/02/2010 e número de documento 10028780 a, presenta escrito de renuncia ao uso do “Despacho B”.

5º.- Plan Comunitario Casco Vello, con CIF nº G36790954, se lle ten requerido nas seguintes datas:

a) Con data 17/04/2009, 27/04/2009, 20/05/2010, se lles ten remitido cartas con xustificante de recepción que teñen sido devueltas coa indicación de “descoñecido”, enviadas ao enderezo “R/ San Francisco, 59-1 (despacho D)”.

b) Con data 10/07/2013, se lle ten enviado persoalmente ao seu enderzo a comunicación do inicio dos trámites de revogación da autorización de uso do local, sin que se lles teña podido notificar o mesmo por atopar os locais pechados os días 11 e 12 de xullo de 2013.

c) Desde o ano 2010, non ten cumprido coas obrigas esixidas nas bases, como son:

Facer uso de forma continuada dos despachos cedidos.

Incumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal en período voluntario, entre os que se inclúen os gastos derivados da utilización do local e os danos que se ocasionen ao inmovible no prazo que se lle outorgue para a súa subsanación.

Non utilización do espazo durante seis días no período dun mes (non coincidente co período de vacacións) de forma continuada, ou de forma descontinua durante quince días nun período de tres meses. Para os efectos a entidade está obrigada a dar constancia ao responsable do equipamento do uso do espazo correspondente.

6º.- Asociación pro-lactancia materna "Deleite", con CIF nº G36911980, se lle ten requerido nas seguintes datas:

a) Con data 17/04/2009 e 20/05/2010, se lles ten remitido cartas con xustificante de recepción que teñen sido devueltas coa indicación de "descoñecido", enviadas ao enderezo "R/ San Francisco, 59-1 (despacho D)".

b) Con data 10/07/2013, se lle ten enviado persoalmente ao seu enderzo a comunicación do inicio dos trámites de revogación da autorización de uso do local, sin que se lles teña podido notificar o mesmo por atopar os locais pechados os días 11 e 12 de xullo de 2013.

c) Desde o ano 2010, non ten cumprido coas obrigas esixidas nas bases, como son:

- Facer uso de forma continuada dos despachos cedidos.
- Incumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal en período voluntario, entre os que se inclúen os gastos derivados da utilización do local e os danos que se ocasionen ao inmovible no prazo que se lle outorgue para a súa subsanación.
- Non utilización do espazo durante seis días no período dun mes (non coincidente co período de vacacións) de forma continuada, ou de forma descontínua durante quince días nun período de tres meses. Para os efectos a entidade está obrigada a dar constancia ao responsable do equipamento do uso do espazo correspondente.

7º.- Ante a imposibilidade de comunicar o inicio do expediente de revogación de autorización de uso dos despachos do "Viveiro de asociacións San Francisco", as entidades Plan Comunitario Casco Vello e Deleite, se procedeu a publicación do edicto no BOP do 02/08/2013, establecendo un prazo de dez días desde o día seguinte ao da súa publicación.

a) Durante o prazo establecido para realizar o trámite de audiencia, ningunha das entidades interesadas obxecto do edicto, se teñen personado no departamento de Participación e Atención Cidadá do Concello de Vigo.

8º.- Non procede resarcir ás entidades ás que se lles revoga a autorización de uso dos locais municipais emprazados no "Viveiro de Asociacións San Francisco", por cuanto o mesmo realizase por renuncia ao dereito como é o caso da entidade Emaus Fundación Social, e por reiterados incumprimentos das bases da convocatoria relacionadas coa falta de utilización dos locais e os incumprimentos coa facenda municipal.

9º.- A concelleira delegada da área de Benestar Social, con data 03/06/2013, remite escrito de solicitude de ubicar os servizos ofrecidos por "Sereos do Casco Vello" nos locais "B" e "D" do "Viveiro de Asociacións San Francisco", emprazados na rúa San Francisco nº 57, coa finalidade de continuar coa atención a persoas en situación de emerxencia social.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta o escrito de renuncia ao uso do "Despacho B" presentado por Emaus Fundación Social, co CIF nº G20486825, con data 26/02/2010 e número de documento 10028780 e, os continuos incumprimentos das entidades Plan Comunitario Casco Vello, con CIF nº G36790954, autorizada para uso do "Despacho A" e Asociación pro-lactancia materna "Deleite", con CIF nº G36911980, autorizada para uso do "Despacho D", das obrigas recollidas nas conforme establecen as "bases de adxudicación do concurso para a autorización do uso e goce de espazos privativos no Viveiro de Asociacións "San Francisco", na súa cláusula Décima CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN a autorización da ocupación, uso e goce do espazo privativo asignado do "Viveiro de Asociacións San Francisco" poderá declararse resoltas previa tramitación do correspondente expediente administrativo e audiencia do interesado, e tendo en conta que se teñen cumprido coa tramitación previa, así como a solicitude de ubicar os servizos ofrecidos por "Sereos do Casco Vello" nos locais "B" e "D" do "Viveiro de Asociacións San Francisco", emprazados na rúa San Francisco nº 57, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos acordos seguintes:

1. Revogar as autorizacións de uso dos despachos A, B e D, emprazados no "Viveiro de Asociacións San Francisco" R/ San Francisco, 59-1, as seguintes entidades:

- a) *Emaus Fundación Social, con CIF nº G20486825, por ter presentado escrito de renuncia ao uso do “Despacho B”, con data 26/02/2010 e número de documento 10028780, conforme establecen as bases na súa cláusula “DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN apartado d) Cando expresamente renuncie quen o veña gozando”.*
- b) *Plan Comunitario Casco Vello, con CIF nº G36790954, revogación da autorización de uso do “Despacho A”, por incumprimento do establecido cláusula “DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN, nos apartados seguintes:*
